


# Acelerador de Transferencia

A INNOVACIÓN COMEZA AQUÍ >>>>>

2025

# ■ AXENDA PREVISTA



# ■ CONTIDO

01

Qué é a AVTE?

02

Qué é o Acelerador  
de Transferencia (AT)?

03

Papel da AVTE

04

Presentación de  
propostas

06

Acelerador de  
Transferencia.  
Memoria do proxecto

12

FAQ's

14

Escala TLR  
Niveles de madurez da  
tecnoloxía

# ■ QUE É A AVTE?



A **Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE)** é o servizo dependente da Reitoría da USC encargado da xestión integral do proceso de transferencia dos resultados de investigación.



O seu obxectivo é conseguir un impacto directo na sociedade dos resultados de investigación obtidos nos laboratorios e centros de investigación da USC, a través da súa incorporación en procesos, produtos ou servizos, e que polo tanto redunde no crecemento económico e na mellora do benestar social.

A USC leva máis de 30 anos transferindo resultados de investigación e figura entre as dez universidades españolas líderes en número de solicitudes de patentes, procesos de valorización e contratos de licenza, posuíndo unha carteira de máis de 250 patentes. Nos últimos 20 anos foron creadas máis de 60 empresas baseadas en coñecemento xerado na USC.

A AVTE dá servizo a toda a comunidade universitaria e ás empresas interesadas en incorporar os resultados de investigación xurdidos na USC aos seus procesos de innovación.

## As funcións principais desenvolvidas na AVTE son:

- ▶ Identificación e rexistro dos resultados de investigación transferibles.
- ▶ Avaliación do potencial comercial e utilidade social dos resultados de investigación.
- ▶ Protección mediante dereitos de propiedade intelectual e industrial dos resultados de investigación e xestión dos mesmos (patentes e outras formas de protección).
- ▶ Proposta e dinamización de proxectos de valorización / maduración de resultados de investigación.
- ▶ Negociación, xestión e seguimento de contratos de transferencia de resultados de investigación.
- ▶ Apoio e asesoramento á creación de empresas con base en resultados de investigación (spin off).
- ▶ Seguimento e apoio á carteira de EBTs participadas pola USC.
- ▶ Fomento e difusión da transferencia de coñecemento e o emprendemento entre a comunidade universitaria.
- ▶ Formación relacionada co proceso de transferencia e emprendemento.

# ■ QUE É O ACELERADOR DE TRANSFERENCIA (AT)

O impacto social e económico dos resultados de investigación vese a miúdo obstaculizado pola existencia dunha fenda entre o status dese coñecemento á finalización do proxecto de I+D e o estado de maduración desexable desde o punto de vista do potencial interesado na súa aplicación.

Isto motivou á USC a incorporar no seu proxecto de Campus de Excelencia Internacional, Campus Vida, unha acción que permita avanzar na demostración do potencial comercial dos resultados de investigación.

O propósito do Acelerador de Transferencia é levar a cabo as accións necesarias para cubrir a fenda entre os resultados de un proxecto de investigación e un coñecemento o suficientemente maduro para que resulte de interese a unha empresa ou outro axente externo, co obxectivo de aumentar as posibilidades de transferencia e polo tanto as oportunidades para que o coñecemento xerado na USC teña impacto social e económico.

Neste senso, son 3 os criterios de elegibilidade que debe reunir un proxecto para ser elixible para o Acelerador de Transferencia:

1. Debe existir investigación previa sobre a solución técnica que se pretende desenvolver e o grao de desenvolvemento da mesma debe ser TRL3 ou TRL4 (ver escala de TRLs no anexo).
2. Débese xustificar que coa execución da proposta que se presenta vaise activar o proceso de transferencia, identificando claramente por que este traballo resulta crítico para dito proceso.
3. Debe existir un destinatario final do acordo de transferencia ou un socio colaborador no desenvolvemento que se comprometa durante o proxecto ou ao final do mesmo se os resultados son positivos. Con este socio estableceríase un acordo de valorización ou de licenza ou se procedería a creación dunha spin off.

O Acelerador de Transferencia tamén poderá dar apoio a aqueles proxectos que teñan como obxectivo avanzar no proceso de valorización de xeito que se obteña maior madurez na comprensión da súa potencialidade de transferencia. Así, poderanse apoiar, a criterio do comité avaliador, proxectos para levar a cabo informes de mercado, asesoramento regulatorio, follas de ruta para o seu desenvolvemento, etc. que poidan facilitar a captación de fondos doutras convocatorias de valorización.

Deberase indicar a convocatoria ou convocatorias ás que se presentará posteriormente a proposta e como a información incluída nos informes realizados co Acelerador de Transferencia poden incrementar as posibilidades de conseguir financiación nesa/s outra/s convocatorias.

# ■ PAPEL DA AVTE

O persoal técnico da AVTE estará involucrado en cada un dos proxectos durante todo o proceso. Inicialmente, prestará apoio ao Grupo de Investigación (GI) para a elaboración da proposta e posterior presentación ao Comité de Avaliación.

No caso de que o proxecto sexa aprobado polo Comité, o labor do persoal técnico centrarase no seguimento da consecución dos fitos ou actividades acordados entre o IP e a AVTE para o desenvolvemento do proxecto. O persoal da AVTE velará en todo momento por salvagardar a confidencialidade relacionada cos proxectos.

No caso de que a proposta non sexa adecuada ás características do Acelerador de Transferencia, a AVTE asesorará aos GI na procura de programas e/ou fontes de financiamento alternativas para acadar a transferencia dos seus resultados. Dado que o obxectivo último do Acelerador de Transferencia é a comercialización dos resultados de investigación da USC, o apoio da AVTE poderá continuar unha vez finalizado o proceso de valorización para facilitar a súa posta no mercado.

## CUESTIÓN S CRAVE DO ACELERADOR DE TRANSFERENCIA

Presentación de propostas	Convocatoria aberta de forma permanente
Beneficiarios	Persoal investigador e grupos de investigación da USC das áreas de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñería e Arquitectura
Financiamento do proxecto	Ata 40.000
Tipoloxía de gasto financiable	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contratación de servizos externos</li> <li>• Material funxible</li> <li>• Contratación de persoal (<b>Sempre que o permita a normativa vixente</b>)</li> <li>• Viaxes e dietas relacionados co desenvolvemento do proxecto ou a transferencia da tecnoloxía</li> </ul>
Criterios de avaliación do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resultado do que se parte</li> <li>• Protección do resultado: Está protexido ou é protexible?</li> </ul> <p><b>Oportunidade de mercado</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Grado de innovación no mercado. mellora incremental vs. cambio radical</li> <li>• Tamaño do mercado potencial</li> <li>• Competidores e oportunidades</li> <li>• Aplicacións potenciais (mono/multiproducto)</li> </ul> <p><b>Proxecto presentado</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Plan de traballo</li> <li>• Carácter crítico do traballo a desenvolver</li> <li>• Grao de compromiso do socio colaborador</li> </ul> <p><b>Plan de transferencia</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oportunidades de chegar a acordos de transferencia</li> <li>• Tempo esperado para obter retornos</li> </ul>
Duración dos proxectos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• De 3 a 9 meses</li> </ul>
Seguimento do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Supervisión da consecución dos fitos acordados</li> <li>• Ao final de cada fito o IP presentará unha memoria técnica co traballo realizado e os resultados e unha memoria económica.</li> </ul>

# ■ PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

## 1. PRIMEIRO CONTACTO

---

Os Grupos de Investigación (GI) interesados en presentar propostas ao Acelerador de Transferencia poden facelo dirixíndose á AVTE (avte@usc.es, ext. 15594) ou directamente a calquera persoa da AVTE coa que traballaran anteriormente.

A AVTE asignaralle un Xestor/a de Proxecto (XP) que lle informará detalladamente das condicións do Acelerador de Transferencia e asesoraralle durante todo o proceso.

## 2. PROPOSTA INICIAL

---

Tras o primeiro contacto, e sempre que o GI desexe iniciar o proceso, é necesario cubrir un formulario resumido da proposta de valorización (ver páxina 11). Para iso poderá contar co apoio do XP e finalmente deberá ser asinado polo GI.

Con antelación suficiente á reunión do Comité de Avaliación, a AVTE examinará o cumprimento dos criterios de elixibilidade e só se someterán ao Comité de Avaliación aquelas propostas que se axusten ás condicións do Acelerador de Transferencia. O XP manterá informado ao GI de todo o proceso.

## 3. PRESENTACIÓN E AVALIACIÓN DA PROPOSTA

---

Comprobada a súa adecuación, as propostas elixibles deberán ser presentadas ante o Comité de Avaliación. A AVTE proporcionará un esquema que incluíra a información relevante para o Comité de Avaliación. Dado que o tempo de presentación e defensa das propostas é limitado, deberán axustarse na medida do posible a este esquema, aínda que poderán incluír información adicional se as características da proposta o requiren.

O comité de Avaliación reunirse nas datas que se determinen. Tras a reunión, o Comité de Avaliación presentará unha proposta de financiamento axustado aos fondos dispoñibles e os criterios do programa que será publicada na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/valorizacion-transferencia-emprendemento>.

O Comité de Avaliación estará integrado por profesionais cunha traxectoria recoñecida no ámbito da innovación empresarial e o desenvolvemento de negocio. O Director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento formará parte deste Comité con voz pero sen voto.

## 4. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN

---

Unha vez que a proposta sexa seleccionada favorablemente polo Comité de Avaliación, a AVTE preparará un Documento de aceptación no que constará o período e importe de actividade e os fitos que deberán cumprirse durante o seu desenvolvemento.


Este documento deberá ser aceptado e asinado polo GI previamente ao comezo do proxecto.

## 5. SEGUIMIENTO E XESTIÓN

---

Durante todo o curso da actividade o XP realizará un seguimento tanto técnico como económico, especialmente no que se refire ao cumprimento dos fitos que foran acordados.

Se nalgún momento se fixese evidente a imposibilidade de cumprir algún dos fitos marcados e o proxecto non puidese ser reconducido para alcanzar o obxectivo final previsto, a AVTE poderá dalo por terminado recuperándose o crédito non consumido para financiar outras actividades do Acelerador de Transferencia.





# ■ ACELERADOR DE TRANSFERENCIA MEMORIA DO PROXECTO

Título do proxecto

Acrónimo

Investigador/a  
principal

Código do GI

Departamento/  
Instituto

Técnico de  
Transferencia

Orzamento total

# ■ DESCRICIÓN DO COÑECEMENTO DO QUE PARTE O PROXECTO

Descrición do resultado  
de investigación de  
partida (máx. 15 liñas)

Relación de contratos,  
proxectos e/ou outras  
actividades que deron  
lugar aos resultados do  
que parte o proxecto e  
grao de maduración do  
mesmo (TRL)

Tipo de protección do  
resultado de investigación  
de partida

A chegada da súa tecnoloxía a mercado vai supor unha mellora incremental ou un cambio radical con respecto ás solucións que existen actualmente? Por que? (máx. 10 liñas)

Descrición do potencial comercial da tecnoloxía: Tamaño do mercado potencial, competidores, oportunidades, aplicacións potenciais.. (máx. 15 liñas)

# ■ DESCRICIÓN DO PROXECTO A REALIZAR

## NO MARCO DO ACELERADOR DE TRANSFERENCIA

Descrición do proxecto a realizar no marco do Acelerador de Transferencia e por que é importante para activar o proceso de transferencia (máx. 15 liñas)

Plan de traballo (Cronograma)

Equipo que participará no proxecto do Acelerador de transferencia e tarefas a realizar por cada un dos membros

Concepto	Importe (€)	Detalles
Contratación de personal		
Material fungible		
Contratación de servicios externos		
Viaxes e dietas		
<b>TOTAL</b>		

Hai un destinatario final do acordo de transferencia ou un socio colaborador no desenvolvemento que se comprometa durante o proxecto ou ao final do mesmo se os resultados son positivos?. No caso de que si, nome e grao de compromiso. (máx. 5 liñas)

Describa o plan de transferencia e o tempo esperado para acadar retornos (máx. 5 liñas)

Firma dixital do  
Investigador Principal

# ■ FAQ'S

## 1. PODO PEDIR FINANCIAMENTO PARA INICIAR OU CONTINUAR UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN?

**Non.** O acelerador de transferencia non financia investigación. Fináncianse proxectos de achegamento ao mercado de resultados de investigacións. Debe de estar claramente identificada a fenda entre o resultado no estado actual e a súa aplicación.

## 2. PODO PRESENTAR UNHA PROPOSTA BASEADA NUN RESULTADO DE INVESTIGACIÓN QUE NON ESTÁ PROTEXIDO?

**Si.** O nivel de protección (xa sexa a través dunha patente ou doutra forma) dun resultado de investigación é un criterio de avaliación dos proxectos pero non unha condición excluínte.

## 3. EXISTEN LIMITACIÓNS NO TOCANTE A ÁREA DE COÑECEMENTO?

**Sí,** só se poderán presentar propostas das áreas de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñería e Arquitectura. Para as áreas de Artes, Humanidades, e Ciencias Sociais e Xurídicas existe na USC o "Programa de estímulo á transferencia en Ciencias Sociais e Humanidades" tamén xestionado pola AVTE.

## 4. OS PROXECTOS PRESENTADOS PODEN INCLUÍR ACCIÓNS QUE NECESITEN DE PERSOAL OU RECURSOS ALLEOS Á UNIVERSIDADE?

**Si,** en función das súas necesidades.

## ■ FAQ'S

### 5. PÓDESE SOLICITAR FINANCIAMENTO PARA MERCAR EQUIPAMENTOS?

**Non.** Como se trata de proxectos de curta duración a opción máis razoable nestes casos é solicitar contratacións de servizos alleos.

### 6. PODO PRESENTAR MÁIS DUN PROXECTO AO ACELERADOR DE TRANSFERENCIA?

**Si,** pero dadas as limitacións orzamentarias existentes, en condicións de igualdade, priorizarase a financiación de proxectos de distintas áreas.

### 7. PODO PRESENTAR UN PROXECTO BASEADO NUN RESULTADO DE INVESTIGACIÓN ACADADO NOUTRA UNIVERSIDADE OU CENTRO DE INVESTIGACIÓN?

**Non.** A USC debe de ser a propietaria do resultado de investigación, de forma exclusiva ou compartida con outras entidades.

### 8. PODO CONTAR CON ASESORAMENTO PARA A PRESENTACIÓN DUNHA PROPOSTA?

**Si.** A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento asignará a cada proxecto un xestor de proxecto de apoio.



# ■ ESCALA TRL

## NIVEIS DE MADUREZ DA TECNOLOXÍA:

TRL1	>	Investigación básica.
TRL2	>	Formulación da tecnoloxía.
TRL3	>	Investigación aplicada. Proba de concepto.
TRL4	>	Desenvolvemento a pequena escala (laboratorio).
TRL5	>	Desenvolvemento a escala real.
TRL6	>	Sistema/prototipo validado nun entorno simulado.
TRL7	>	Sistema/prototipo validado nun entorno real.
TRL8	>	Primeiro sistema/prototipo comercial.
TRL9	>	Aplicación comercial.

Fonte:

<https://www.mintur.gob.es/publicaciones/publicacionesperiodicas/economiaindustrial/revistaeconomiaindustrial/393/notas.pdf>

## CAMPUS SANTIAGO

Vivendas dos funcionarios- Campus Vida  
Avda. das Ciencias nº 6 4º D  
15782 Santiago de Compostela  
**881 815 594**

## CAMPUS LUGO

Edificio CACTUS Lugo  
27002 Lugo  
**982 822 854**

[avte@usc.es](mailto:avte@usc.es)  
<https://www.usc.gal/es/AVTE>

